# COTIZACIÓNS SUBASTA DE GANDO DO DÍA 25/11/2008

LONXA AGROPECUARIA DE GALICIA

Feira Internacional de Galicia
Silleda - Pontevedra
Tlfno 986-580050 / Fax 986-580162

| BECERROS RECRÍA | | TOTAL TRANSACCIÓNS | 122.465 |
|---|---|---|---|
| TOTAL ASISTENCIA | 640 | | |
| TOTAL ADXUDICADOS | 611 | | |

| RAZA FRISÓN | MACHOS | FEMIAS |
|---|---|---|
| BECERROS DE 0 A 20 DÍAS | 70 | 100 |
| BECERROS DE 21 A 50 DÍAS | 90 | 130 |
| BECERROS MÁIS DE 50 DÍAS | 127 | 135 |

| RAZA CRUCES INDUSTRIAL | MACHOS | FEMIAS |
|---|---|---|
| BECERROS DE 0 A 20 DÍAS | 335 | 240 |
| BECERROS DE 21 A 50 DÍAS | 342 | 266 |
| BECERROS MÁIS DE 50 DÍAS | 358 | 310 |

| RAZA RUBIA GALEGA | MACHOS | FEMIAS |
|---|---|---|
| BECERROS DE 0 A 25 DÍAS | * | * |
| BECERROS DE 26 A 50 DÍAS | 400 | 360 |
| BECERROS DE 51 A 120 DÍAS | 480 | 415 |

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

| VACUNO MAIOR | | TOTAL TRANSACCIÓNS | 0 |
|---|---|---|---|
| TOTAL ASISTENCIA | 0 | | |
| TOTAL ADXUDICADOS | 0 | | |

| CATEGORÍA | PRECIO SEMANAL |
|---|---|
| VACAS CATEGORÍA EXTRA E - U | 0 |
| VACAS CATEGORÍA PRIMEIRA R | 0 |
| VACAS CATEGORÍA SEGUNDA O | 0 |
| VACAS CATEGORÍA DESFEITO P | 0 |

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

| BECERROS CARNICEIROS | | TOTAL TRANSACCIÓNS | 0 |
|---|---|---|---|
| TOTAL ASISTENCIA | 0 | | |
| TOTAL ADXUDICADOS | 0 | | |

| PRECIOS KG/ VIVO | MACHOS | FEMIAS |
|---|---|---|
| RAZA FRISÓN | 0 | 0 |
| RAZA CRUCE INDUSTRIAL | 0 | 0 |
| RAZA RUBIA GALEGA | 0 | 0 |

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

LONXA AGROPECUARIA DE GALICIA

Semana 48

# MESAS DE PREZOS SEMANA DO 25/11/2008

## PORCINO CEBADO

| EURO./KG. VIVO S/G | EUROS KG. | DIF. |
|---|---|---|
| CARNICEIRO | 1,330 | +0,02 |
| SELECTO | 1,055 | +0,02 |
| NORMAL | 1,030 | +0,02 |
| CASTRADO | 1,500 | 0,00 |
| CANAL II | 1,338 | +0,026 |
| DESVELLE | 0,75/0,81 | 0,00 |

**Cotizacións á alza por segunda semana:** Despois do ansiado troco de tendenza producido tras o lixeiro incremento da semana pasada [despois de nove semanas consecutivas de baixas - ou descalabros- e 33 céntimos de mermas (-25%)], o mercado parece que comeza a recuperarse lixeiramente, cos ollos xa postos no primeiro de ano. Parece pois confirmarse que as cotizacións teñen xa tocado o seu fondo e encárase unha nova etapa, non exenta de problemas e incertezas, coa vista posta xa nos comezos de 2009. Agárdase pois que a partires dagora comecen a reaccionar tanto os mercados europeos de referencia como sobre de todo mercados cárnicos.
**Análise de mercado. Pesos:** Apenas rexistran movementos tras as dúas semanas pasadas con movemento á baixa, o que confirma: unha oferta que remite ainda que hai que ter en conta o alto ritmo de actividade nos matadoiros. **Cotizacións Europeas**: Sitúanse nunha senda de "relativa" estabilidade, cunha oferta posta ao día pero cuns mercados cárnicos que non rematan de confirmar as expectativas levantadas a semana pasada. Ainda así parece que a sicose da crise vai remitindo e as exportacións comezan a recuperarse (sobre de todo aos países do Leste e Rusia). De non sufrir inargadados acontecementos, as cotizacións deberían incrementarse moi lixeiramente neste último tramo do ano, algo agardado pola produción, esperando poder recuperar as súas marxes positivas de explotación.

## BACORIÑOS

| BASE 20 KGS. | EUROS KG. | UNIDADE | DIF |
|---|---|---|---|
| SELECTO | 1,50 | 30,00 | +2,00 |
| NORMAL | 1,45 | 29,00 | +2,00 |

**Oito Euros en só dúas semanas:** Xa se tiña advertido en anteriores comentarios que en canto o mercado do vivo comezara a despexarse do descalabro producido ao longo dos meses de outubro e novembro, este tería un efecto multiplicador no mercado do bacoriño. E é o que está a suceder, ainda que os incrementos cómpre relativizalos: partese dunha cotización ridícula para a produción que estima nos 42 € os custos unitarios de produción e ademais tamén é nesta época do ano cando a cotización soe repuntar significativamente. É pois normal que os incrementos sexan mairos aos producidos noutros anos.
**Situación de mercado**: A oferta é limitada tanto pola variábel estacional (baixa a oferta normalmente nesta época) como pola variábel estrutural (a eliminación de porcas e a integración en ciclos pechados reduciu estruturalmente a oferta). Por outra banda, esperta unha demanda durmida, incluso por parte destes ciclos pechados que pasan a ser agora claramente demandantes. Así, as dispoñibilidades estruturais de leitóns no mercado "libre" son moi limitadas, sendo claramente insuficientes para satisfacer esta demanda potencial.

## *OVOS*

| CLASE | EUROS BRANCOS | DIF. | MOUROS | DIF. |
|---|---|---|---|---|
| XL | 1,56 | 0,00 | 1,56 | 0,00 |
| L | 1,31 | 0,00 | 1,31 | 0,00 |
| M | 1,25 | 0,00 | 1,25 | 0,00 |
| S | 0,95 | 0,00 | 0,95 | 0,00 |

**Firmeza no mercado do ovo:**
As cotizacións do ovo consolídanse despois do repunte da pasada semana nas gramaxes inferiores, por dous motivos: a oferta axústase nesta época do ano, e a demanda sobre todo industrial, está nuns bos níveis, o que ten favorecido vía cotizacións sobre todo ás gramaxes de menor tamaño. Así, e de non haber imprevistos no mercado do ovo, e de non afectar excesivamente a este sector a crise económico-financeira actual, en canto aos níveis de consumo, estas cotizacións deberían manterse e mesmamente repuntar neste último treito do ano.

## *GALIÑAS DE DESVELLE*

| | *EUROS* KG. | DIF |
|---|---|---|
| SEMIPESADAS 2,100 A 2,200 KGS | 0,27/0,39 | 0,00 |

**Estabilidade nas cotizacións das galiñas de desvelle:** A tendente firmeza do mercado do ovo, sobre de todo nas gramaxes medias fai que o mercado das galiñas se vexa lixeiramente fortalecido en canto ás cotizacións; a redución da oferta (cunha compoñente estrutural - menos censo) xustificou nas pasadas semanas unha senda expansiva, que se consolidou permanecendo as cotizacións estábeis por sexta semana.

As cotizacións son parellas ás rexistrados no 2007. (+2,63%).

## *COELLO*

| GRANXA EN VIVO | *EUROS* KG. | DIF |
|---|---|---|
| NOVO | 1,74 | +0,03 |

**O escaso consumo pesa sobre o mercado:** A polémica planea todas as semanas sobre a Mesa de Prezos do coello. E a pesares da lixeira suba rexistrada, as interpretacións están profundamente encontradas; polo lado da produción, xustifican subas considerábeis baseándose nunha escaseza de oferta (coxuntural mais tamén estrutural en relación ao conxunto do Estado); porén os matadoiros expresan que as baixas en vivo das semanas pasadas ainda que permitiron baixar os PVP das grandes cadeas de distribución, non consegue reactivar o consumo, non tendo marxe para as subas solicitadas.

**LONXA AGROPECUARIA DE GALICIA**
Recinto feiral, s/n
36540 Silleda - Pontevedra
Telf: 986 577000 Fax: 986 580162
www.aferial.com / www.agrolonxa.com / www.feiragalicia.com
xabier@agrolonxa.com

En colaboración coa:

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

medio rural